

Análise retórica dos artigos de Manuel Rivas na prensa escrita

Rhetorical analysis of Manuel Rivas' articles in the written press

María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ

Universidade da Coruña

mjepineiro@yahoo.es

[Recibido, xaneiro 2010; febreiro 2010]

RESUMO

Neste traballo realizase unha análise retórica dalgúns artigos publicados polo escritor Manuel Rivas en *La Voz de Galicia* entre 1990 e 1992, recollidos en *Unha espía no reino de Galicia* (2004). Preténdese determinar de que xeito están conectadas as facetas literaria e xornalística do escritor.

PALABRAS CHAVE: Manuel Rivas, retórica, análise, artigos, xornalismo, prensa.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2010): “Análise retórica dos artigos de Manuel Rivas na prensa escrita”, *Madrygal (Madr.)* 13: 107-116.

RESUMEN

En este trabajo se realiza un análisis retórico de algunos artículos publicados por el escritor Manuel Rivas en *La Voz de Galicia* entre 1990 y 1992, recogidos en *Unha espía no reino de Galicia* (2004). Se pretende determinar de qué manera están conectadas las facetas literaria y periodística del escritor.

PALABRAS CLAVE: Manuel Rivas, retórica, análisis retórico, artículos, periodismo, prensa.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2010): “Análisis retórico de los artículos de Manuel Rivas en la prensa escrita”, *Madrygal (Madr.)* 13: 107-116.

ABSTRACT

In this essay we carry out a rhetorical analysis of some articles written by Manuel Rivas in *La Voz de Galicia* between 1990 and 1992, compiled in *Unha espía no reino de Galicia* (2004). The aim is to determine how Manuel Rivas' literary and journalistic roles are related.

KEY WORDS: Manuel Rivas, rhetoric, rhetorical analysis, articles, journalism, press.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2010): “Rhetorical analysis of Manuel Rivas' articles in the written press”, *Madrygal (Madr.)* 13: 107-116.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Escolma de artigos e metodoloxía. 3. *Inventio, dispositio, elocutio*. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

A prensa escrita é un dos escenarios nos que desenvolve a súa actividade o escritor Manuel Rivas (A Coruña, 1957). A análise dunha mostra representativa da súa faceta periodística en *Unha espía no reino de Galicia* (2004) segundo os recursos retóricos que utiliza é o obxectivo deste traballo¹.

As posibilidades retóricas dun artigo destinado á prensa escrita son múltiples, xa que o discurso se modifica ao estar dirixido ao público dun xeito máis directo. Os artigos de Manuel Rivas teñen un gran compoñente literario e imaxinativo, e mediante a retórica expresan as opinións do escritor graduando a intensidade dos seus argumentos.

Unha espía no reino de Galicia é unha grande etopea do galego *fetén*, escrita con ironía e humor, e ateigada de tópicos. O libro consta de catro partes. A primeira delas, *Galicia contada a un extraterrestre*, foi publicada en *El País Semanal* en 2001, e funciona como un exordio ou introdución do conxunto da obra: “Galicia paradoxal. Galicia oxímoro” (p. 19)². Por outra parte, *A Espía I* (da que se analizarán dez textos representativos) e *A Espía II* son dúas escolmas de artigos publicados en *La Voz de Galicia* (1990-1992) e *A Nosa Terra* (2003-2004). Por último, *O blog de rumar* é a cuarta parte desta compilación periodística, e contén as reflexións do escritor no medio dixital.

A beleza das construcións lingüísticas, o dominio das palabras, a metáfora inserida na vida cotiá e o respecto ás tradicións galegas tamén se reflicten nos artigos escollidos, e hai nas páxinas de *A Espía I* moitas pasaxes dun lirismo abraiante. Esta análise retórica non pretende ser unha disección do discurso de Manuel Rivas na prensa, nin unha procura exhaustiva dos recursos estilísticos empregados polo escritor cando fai uso do xénero ensaístico. O obxectivo, partindo das fases da retórica clásica, é determinar se o percorrido de Manuel Rivas como xornalista polo discurso periodístico é (ou non) unha prolongación da súa faceta literaria, e nese caso, de que xeito a retórica se converte na ponte que actúa de enlace entre os dous xéneros.

2. ESCOLMA DE ARTIGOS E METODOLOXÍA

A estrutura retórica da que se parte nesta análise baséase na retórica clásica estudada por Aristóteles e Quintiliano, que foi recollida por tantos outros tratadistas, entre os que destacan Laugsberg (1966), Mayoral (1994) e Pujante (2003). Este enfoque seguirá as súas propostas para analizar os artigos dentro das tres fases de elaboración do discurso: *inventio*, *dispositio* e *elocutio*; aínda que quedarán fóra deste traballo as fases da emisión e recepción do discurso, *memoria* e *actio*, porque neste caso non hai discurso oral producido, senón texto escrito.

Así, na *inventio* se fará referencia aos temas e argumentos que Manuel Rivas emprega nos seus textos periodísticos. Se comentarán tamén aqueles xéneros de causa que mellor representan os textos escollidos. Na *dispositio* se estudará como organiza o escritor eses argumentos. Neste apartado analizaranse tamén as partes do discurso: exordio, narración, argumentación (confirmación e refutación dos argumentos) e peroración, naqueles artigos nos que claramente se observen estas características.³

No exordio se fará referencia ao xeito de captar a atención do público. Na narración se comentarán os aspectos que favorecen as virtudes de claridade, brevidade e verosimilitude. Na argumentación se observarán as posicións de confirmación e de refutación de argumentos, xunto cos exemplos empregados polo autor para reafirmar a súa posición. E a peroración servirá para ver o xeito de resaltar as intencións do autor con respecto ao público, nunha proclama final, ao pechar a súa intervención escrita.

Finalmente, a terceira das fases de elaboración do discurso, a *elocutio*, dedicarase á análise dos tropos e figuras máis significativos que constitúen o ornato nestes artigos. A continuación, se resumen os textos escollidos que se analizarán, dez en total, correspondentes á segunda parte do libro: *A Espía I*.

“O país das pingueiras”; “O galego e a Santa Compañía”; “A galeguísima urbe da Coruña”; “O bar e a gaiola de ferro”; “A caída do sistema”; “O país dos comedores de patacas”; “O país dos alumes”; “O tamaño do mundo”; “O país do glorioso can de palleiro”; e “O paso galego”.

¹ Traballo tutelado do Programa de doutoramento de Filoloxía Española e Latina (2005-2007) da UDC, e titulado: “Retórica e ensaio literario a través da prensa escrita.” Profesora: Olivia Rodríguez González.

Os números de páxina fan referencia á edición de Xerais de 2004.

³ David Pujante (2003) inclúe este apartado na *inventio*; neste caso preferimos situar as partes do discurso na *dispositio*.

“O país das pingueiras” é unha caracterización humorística da querenza dos galegos polas gotei-ras, ás que están afeitos ao vivir nun país de choi-vas. A presenza das pingueiras en todas as casas galegas, e a súa aceptación por parte do chamado “galego *fetén*”, son as reivindicacións que Manuel Rivas formula neste primeiro texto. En “O galego e a Santa Compañía” rescátase unha das tradicións máis enxebres de Galicia: a da Santa Compañía. A hospitalidade do galego, a aceptación da necroloxía na vida cotiá e a recreación dunha conversa entre o galego *fetén* e a ánima, cuxas preocupacións son máis terreaís que as dos vivos, son as claves dunha escena propia do realismo máxico.

A ironía de “A galeguísima urbe da Coruña” xa está presente no título. O tópico da cidade galega máis castelá ocupa as páxinas que o escritor aproveita para reivindicar a defensa do galego. Por outra banda, a proliferación de bares en Galicia e a súa función psicolóxica sobre a sociedade son os temas tratados en “O bar e a gaiola de ferro”. Nos 27.000 bares censados daquela (a principios da década dos noventa), Manuel Rivas atopa unha “rede de asistencia espiritual”, xunto cun “Exército de Salvación galego”, cuxa eficiencia é maior que a dos curas e a dos médicos.

“A caída do sistema” representa as dificultades da conciliación entre a burocracia e a tecnoloxía, para o cal o autor fai uso do equívoco lingüístico e da incomunicación entre a Administración e o cidadán. A orixe desta incomunicación non é só lingüística, e Manuel Rivas enxalza a paciencia do galego ao tempo que denuncia ironicamente que “as cousas de pazo tardan a mazo”. Un dos mellores retratos do galego *fetén* ten lugar en “O país dos comedores de patacas”. Neste artigo, o escritor comenta a predilección dos galegos polas patacas, un elemento base da dieta do noroeste.

De novo, en “O país dos alcumes”, Manuel Rivas retoma o seu labor etnolóxico trazando á perfección un dos perfís máis característicos dos galegos: a tradición dos alcumes e a de nomear as persoas, na que a ironía é a protagonista. En “O tamaño do mundo”, propónse unha cura de humildade a través da viaxe en burro, un animal que se converte na vara de medir as soberbias e as vaidades das persoas. O escritor pretende convencernos da conveniencia de trocar o noso vehículo polo animal.

As excelencias dos animais continúan en “O país do glorioso can de palleiro”. Nesta curiosa

prosopopea do can, o escritor define o galego *fetén* a través do fiel amigo. O animal actúa como transmisor e defensor dunha filosofía de vida, abandonada polo can *fetén*. Para rematar, en “O paso galego” o escritor completa a etopea que vén realizando do galego, neste caso, analizando a maneira galega de cruzar un semáforo. Para evidenciar as diferenzas, Manuel Rivas ofrece exemplos doutras cidades europeas, e finaliza cunha conclusión belísima que funciona como peroración maxistral.

3. INVENTIO, DISPOSITIO, ELOCUTIO

3.1. INVENTIO

Os temas, os tópicos e os argumentos son os elementos principais que todo escritor ou orador debe atopar antes de compoñer o texto escrito ou a súa intervención. As testemuñas, xuízos, lendas, anécdotas e, en xeral, calquera material susceptible de orixinar unha reflexión, son os puntos de partida dos artigos de Manuel Rivas, quen converte as historias cotiás en pequenos relatos ensaísticos capaces de concentrar en poucas liñas algúns dos argumentos xa definidos por Quintiliano e recollidos por Pujante⁴ e outros tratadistas. A continuación se destacan os que teñen que ver coas persoas.

Tendo en conta que os artigos escollidos constitúen unha etopea do galego *fetén*, é evidente que o argumento máis repetido é o da índole ou carácter da persoa (*animi natura*). A representación do carácter do galego é unha constante, pero hai que facer unha observación: Manuel Rivas fala de todos os galegos aínda que estean representados por un (o protagonista do artigo). Por tanto, o argumento da índole pódese corresponder en realidade co da nación (*natio*) ou o da patria (*patria*), que expresan os hábitos colectivos adquiridos por un grupo de xente nunha situación social ou política.

Destas cuestións hai abundancia de exemplos; o máis repetido é o uso das expresións: “o galego é”, “os galegos” “ao galego gústalle”, “o galego pensa que”, etcétera, entre outros recursos que perfilan a identidade galega. Hai outros dous argumentos que tamén aparecen con certa frecuencia, e que poñen en evidencia as diferenzas existentes entre a clase política e o resto: o da fortuna (*fortuna*) e o da condición social (*condicionis etiam distantia*).

⁴ Pujante, David (2003), p. 156.

En canto aos xéneros de causa definidos por Aristóteles,⁵ destacan dous deles. Tendo en conta que os artigos se presentan como unha compilación de anécdotas sobre o carácter e a vida do galego, o xénero de causa máis empregado é o demostrativo ou epidíctico, que se dirixe cara a un lector pasivo, que non necesita participar nin vulgar acción algunha. Este é o caso, por exemplo, dos artigos que falan do can de palleiro, das pingueiras ou do gusto do galego polas patacas, onde o obxectivo é entreter ao lector e comentar con humor e ironía os tópicos máis coñecidos.

Con todo, no artigo referente á cidade da Coruña, o escritor chama pola reacción do Concello ante unha inxustiza lingüística, na que se mesturan outros intereses. Manuel Rivas emprega neste caso o xénero deliberativo ou suasorio, xa que se dirixe ao lector para que este xulgue ou opine sobre a castelanización da cidade de cara ao futuro, e advirte que, de seguir así, habería moitos cidadáns galegofalantes discriminados, coa agravante de incumprir a Constitución, o Estatuto e os Dereitos Humanos.

3.2. DISPOSITIO

Unha vez establecidos os argumentos, é necesario concretar unha orde de presentalos ao público para que o discurso teña un efecto correcto. Sería inútil contar cun repertorio de anécdotas, testemuñas ou reflexións orixinais sobre os galegos, se non se pode xogar coas posibilidades que ofrece o discurso para, por exemplo, chamar a atención, crear expectación, conmover ou convencer. Trátase, en definitiva, de influír no lector a través dun pequeno ensaio, para o cal o xornalista ten que recorrer á retórica e adaptar as súas ideas a este tipo de formato.

Manuel Rivas gusta de mesturar xéneros e tópicos, de xeito que mentres as súas novelas desprenden poesía, os seus poemas gozan dunha claridade expositiva que é pouco común na lírica. Un exemplo disto é o lirismo de “A chegada da sabedoría co tempo” en *Que me queres, amor?*,⁶ onde o poema de Yeats xa funcionara como eixo narrativo do “Novo romance de Fin Negan” en *Costa da Morte*

blues.⁷ O mesmo sucede coa *dispositio* en *A Espía I*. O escritor fuxe da retórica clásica e introduce innovacións na estrutura tradicional, onde o exordio, a *narratio*, a *argumentatio* e a *peroratio* eran as pautas que marcaban o discurso.

A intención primordial do exordio é a *captatio benevolentiae*, é dicir, chamar a atención do público para predispoñelo a favor do autor. Este paso obsérvase con claridade no artigo titulado “O paso galego”, que comeza cunha frase reveladora: “Cada pobo ten un xeito de pasar o semáforo. Velaí a identidade” (p. 127). Manuel Rivas extrae un perfil da identidade a través do comportamento urbano dos galegos. A introdución deste artigo non pasa desapercibida e, probablemente, a súa brevidade contribúe á curiosidade dun lector que se mostrará favorable á continuación da lectura.

Non pola brevidade, senón pola premisa elaborada a xeito de entimema, chama a atención o exordio de “O país dos comedores de patacas”: “Estou seguro de que a inxestión masiva de patacas ten moito a ver coa actitude xeralmente pacífica do galego” (p. 96). O escritor concédelle á pataca unha importancia na cultura galega semellante á da pingueira no primeiro dos artigos da escolma: “Fálase moito da arquitectura popular, mais non se fala da pingueira. Unha casa galega sen pingueira é coma unha casa portuguesa sen certeza.” (p. 41).

A identidade do galego pasa pola pataca e pola pingueira, e o escritor, consciente da popularidade destes tópicos, os converte en exordios dos dous artigos, cunha dobre intención: chamar a atención e conseguir a predisposición do público a través da humildade das súas propostas. Deste xeito, unha pataca, unha pingueira e un semáforo son os materiais cos que conta Manuel Rivas para conseguir a docilidade do público, que non pode mostrarse indiferente ante temas tan intrascendentes pero universalmente coñecidos. A *captatio benevolentiae* e a docilidade da audiencia están aseguradas.

Os exordios presentes na escolma proposta seguen o mesmo patrón en case todos os artigos. Se as primeiras frases dos textos están construídas dun xeito sentencioso, e os exordios constitúen unha das partes do discurso máis fáciles de recoñecer dentro do catálogo de recursos retóricos posibles, non sucede o mesmo coa *narratio* e coa *argumentatio*, que son os dous pasos seguintes.

⁵ *Ibid.*, (2003), p. 90.

⁶ Rivas, Manuel (1996), p. 169.

⁷ Rivas, Manuel (1995), p. 83.

A *narratio* asóciase á descrición de feitos reais ou finxidos e, por iso, nos textos ensaísticos é difícil de atopar ou de diferenciar, porque en moitas ocasións o autor non presenta feitos que acontece- ron, senón opinións ou pensamentos. Nalgúns arti- gos, Manuel Rivas mestura a narración coa argu- mentación, e mesmo cos diálogos.⁸ Precisamente, estes diálogos dan verosimilitude á *narratio*, ao proporcionarlle un efecto dramatizado; e tamén, serven de exemplo, para apoiar a argumentación:

—Que, que lle parece? —pregunta o dono, moi orgulloso do seu predio.

—A casa está moi ben, pero...

—Non se preocupe polo prezo. Iso podemos falalo.

—Non, non se trata do prezo —observa o galego con expresión preocupada—. Eu noto que lle falta algo, pero non sei o que... As pingueiras!

—Home, iso ten amaño. Habendo confianza! Cantas pingueiras precisa?

—Somos catro de familia. Coido que unha por cabeza sería ideal.

—Feito. Mañá mesmo deixamos preparadas catro pingueiras xeitosas. Como as prefiren, esco- rregando pola parede, esvarando polas lamias da persiana ou con caída libre?

—Poña un surtido. (pp. 41-42).

Este diálogo expresa claramente a querenza do galego pola pingueira, e Manuel Rivas, indepen- dentemente de verbalizar ou non o que, o como, o cando, ou o onde, pode apoiar a súa premisa neste exemplo, xa que os feitos e as descrições quedan expresados polo diálogo. É dicir: hai un galego (quen) que quere mercar unha casa (que), suponse que en Galicia (onde), e coa condición indispensa- ble da pingueira (como).

En conexión coa *argumentatio*, obsérvase que o autor recorre aos exemplos e aos entimemas na construción dos argumentos. O exemplo da pin- gueira axuda para escenificar o entimema da pre- senza de pingueiras en todas as casas galegas. Segundo as premisas empregadas, a pingueira é unha institución popular, e posúe un papel “tan importante no deseño tradicional do fogar galego” (p. 43) que forma parte da identidade e da psico- loxía do galego. Por tanto, un galego, para consi- derarse tal, ten que ter unha pingueira na casa. Outro entimema aparece no caso das patacas. Manuel Rivas relaciona as patacas co carácter

pacífico do galego. Son parte da súa vida, crece- mento e identidade:

Cando unha crianza galega bota a andar, así, a carrouchar, é porque xa ten a idade regulamentaria para comer patacas. Por iso, aínda que a xente pense que di cousas inintelixíbeis, as primeiras verbas do bebé galego non son ma-má ou pa-pá senón pa-ta- ca. (p. 96).

Neste caso, a presenza da pataca na cultura galega é tan evidente que induce ao lector a pensar que unha persoa que coma moitas patacas será galega, xa que desde a infancia está rodeada da cultura do tubérculo. A última frase resume a filo- sofía da identificación entre patacas e galegos: “Pase o que pase, parece dicirle o galego á nai terra, que non nos falten as pataquiñas!” (p.100).

Os exemplos tamén son abundantes nos artigos do escritor. Contribúen a dotar de verosimilitude os argumentos e colaboran na afirmación dos mes- mos na *confirmatio*. Un dos máis claros, co que se argumenta que o concello coruñés discrimina a lin- gua galega, é unha *confirmatio* do argumento sobre o uso do galego nesa cidade:

[...] o galego está expulsado, sometido a un apartheid ou guetto na vida municipal e na súa acti- vidade publicística. De todo tipo. Chégase a situa- cións absolutamente ridículas. Por exemplo, na exposición sobre os vikingos —cedida por unha insti- tución catalá— os visitantes podíanse encontrar —en rótulos e en catálogo— con textos en castelán, inglés e catalán. Nin un só detalle en galego. Sentín mágoa e vergoña allea. (p. 59).

No caso de “O bar e a gaiola de ferro”, Manuel Rivas introduce unha experiencia persoal sobre unha enfermidade para exemplificar a ineficacia do sistema sanitario e para enxalzar a labor dos bares como centros de recuperación anímica dos asiduos a eles. Tras a explicación das doenzas, o escritor quere explicar o porqué da narración sobre as súas febres, e se produce a *confirmatio* do seu argumento:

Para que conto esta historia?

Pois para ilustrar aos meus superiores non tanto sobre as dificultades dos galegos no seu desigual combate contra os xermes aerobios gramnegativos ou contra os cocos grampositivos, senón sobre o

⁸ Madrenas, Dolores; Rodríguez, Olivia (2003), p. 16.

espírito benéfico dos taberneiros e o seu sentido do servizo público integral. (pp. 67-68).

A *refutatio* aparece poucas veces, pero salienta nun fragmento no que o escritor se adianta ás propostas contrarias e rebate os hipotéticos argumentos, que irían en contra dos seus. Pódese observar en “O tamaño do mundo”, onde Manuel Rivas propón a substitución dos coches oficiais por burros e inmediatamente vemos que o escritor contra-argumenta:

E que prestancia non darían ao cargo os alcaldes das grandes cidades como A Coruña ou Vigo a se desprazaren polas urbes en cadanseu burro? Pode haber quen pense que isto desmerecería do cargo e que o asunto se prestaría a mofa pública. En absoluto. Un alcalde en burro conectaría moito mellor co pobo e serviría de exemplo, sobre todo no medio dun atasco de tráfico. Ademais, o animal podería levar igual a bandeiriña oficial e mesmo intermitentes, un en cada orella. (pp. 113-114).

Finalmente, a *peroratio*, última das partes do discurso –e última parte da *dispositio*–, aparece de formas diversas nos artigos. Nun dos casos, o escritor segue as pautas da retórica clásica porque fai un chamamento de “misericordia”. Concretamente, chama polo Concello coruñés para remover a súa conciencia pola anulación da lingua galega: “Para os gobernantes do concello, unha chamada esperanzada. Non hai peor pecado que o de ir contra a esperanza.” (p. 59). O remate deste artigo segue as pautas establecidas pola retórica antiga.

Outro exemplo de *peroratio* prodúcese en “A caída do Sistema”, onde o escritor o artigo cun diálogo, sen intervención narrativa, e deixa a sensación de final inacabado; este final abrupto, maila ir contra as indicacións da retórica tradicional, produce un efecto de sorpresa no lector, quen reterá na súa memoria as derradeiras palabras do galego paciente e comprensivo: “Eu xa volveirei mañá” (p. 77). Con todo, a ausencia de narración non impide crear unha *peroratio* memorable, como pode observarse no final do artigo “O tamaño do mundo”, que remata cunha poesía de Álvaro de Campos:

Na hora do quintal da minha casa
o burro anda à roda, anda à roda,
E o misterio do mundo é do tamanho disto. (p. 115)

Exceptuando a primeira *peroratio*, o resto é unha mostra da faceta literaria do xornalista aplicada ao ensaio; é dicir, Manuel Rivas fai uso dos recursos literarios nos seus ensaios, e demostra, especialmente na *peroratio*, que o seu lirismo está implícito na construción do texto periodístico. Destaca unha última *peroratio* moi fermosa, que pertence ao último dos artigos de *A Espía I*, e que dá pé á *elocutio*, con esta metáfora:

O que realmente lle gusta ao galego é ir no autobús, e que este faga moitas paradas. Porque así é a vida, e o galego sábeo, un coche de liña que vai facendo paradas e que de cando en vez se avaría, e é entón, cando se avaría, cando aí comeza a viaxe. (p. 128).

3.3. ELOCUTIO

Despois de analizar os argumentos e ver como están organizados dentro do texto, se destacarán os mecanismos que embelecen os ensaios e o efecto que producen. Os tropos e as figuras son os que representan a virtude do *ornato* na retórica tradicional, e os que incrementan as calidades comunicativas do discurso.

A Espía I é unha grande etopea do que Manuel Rivas denomina “galego *fetén*”, é dicir, o galego auténtico coñecido como tal, coas súas tradicións, os seus costumes e, sobre todo, rodeado de tópicos. A etopea é unha figura que describe psicoloxicamente as persoas, e úsase, acompañada por outros recursos, para debuxar o perfil do galego.

Neste exemplo describíense os galegos que son orgullosos portadores de alcume como persoas especialmente apreciadas polo seu carácter amable: “Os galegos que asumen o seu alcume con fachenda adoitan ser moi diplomáticos e os seus enterros moi concorridos.” (p. 109). Os exemplos referidos á expresión “o galego é” forman unha sinécdoque que pertence á categoría de relación numérica, onde o uso do singular refírese en realidade á pluralidade:⁹ “O galego é un comedor de patacas case nato” (p. 96); “Non, o galego non se cabrea co alcume” (p. 109); “O galego acudía ás oficinas, todas patas arriba e cableadas, e encontrábase coa resposta de sempre [...]” (p. 75). Esta xeneralización do carácter do galego exemplifica-

⁹ Pujante, David, *Op. Cit.*, p. 221.

se mediante a sinécdoque, que contribúe tamén á constitución dos tópicos máis populares, neste caso, sobre a pataca, sobre o alcume e sobre a burocracia galega.

Hai ocasións nas que o uso da sinécdoque leva á confusión. No caso das patacas, reproducimos o diálogo, que invita á reflexión sobre os usos da sinécdoque por parte do galego. Poderíase dicir que o galego *fetén* é un defensor nato deste tropo:

—E logo, xa non te levas con Arturito Castrellón? —pregúntalle ao galego o amigo de confianza.

—Vouche dicir un segredo, que non saia de aquí. Resulta que o Arturito invitoume á súa casa, pedílle unha pataquiña, xa me entendes, que xa papara as do prato, e a que non sabes o que fixo?

—A saber!

—Botoume unha pataca. Unha pataca contada.

—Unha pataca contadiña? Moito coche novo, moita historia, e logo contan as patacas. A Virxe do puño! (pp. 99-100).

A ironía é un dos tropos máis empregados polo escritor. O humor e a ironía forman unha combinación perfecta cando se fala dos tópicos dun grupo determinado, como neste caso, o dos galegos. Un dos máis claros é o título dun dos artigos: “A galeguísima urbe da Coruña”, en referencia, precisamente, á castellanización da cidade herculina.

O máis claro exemplo de ironía aparece no caso dos alcumes. O xeito de poñer nome ás cousas xa fora anunciado na primeira parte do libro, *Galicia contada a un extraterrestre*, na que se especifica que: “Aos galegos gústalles nomear. Poñer nome ás cousas para que as cousas poidan existir e falar” (p. 12). “O país dos alcumes” é un claro exemplo diso. Os alcumes non poden ser máis representativos:

Hai a quen chaman O’ Yeltsin porque un día colleu unha moca de vodka con laranxa. A quen lle din O’ Mineiro porque un día, de rapaz, meteu un lapis no nariz. A quen chaman O’ Cabuxo porque a muller tiña ovellas. Ou a quen chaman A’ Atómica porque un día tivo o despiste de dicir: “Con iso que me contas, déixasme atómica!” (p. 110).

A lítote ten relación coa sinécdoque no sentido de que ambas as dúas forman parte da fala dos galegos; hai expresións moi típicas da lingua galega que usan todos os falantes. Esta é unha das respostas máis tradicionais e tipificadas:

—¿Que tal che vai por aló, logo? —pregunta o galego O’ Fetén.

—Home, non che teño queixa ningunha —di a ánima—. (pp. 52-53).

A negación é unha das formas máis populares de afirmación, sobre todo no caso dos galegos, e Manuel Rivas a reproduce nos diálogos. Neste caso, ademais, a resposta da ánima ao galego se formula mediante un circunloquio, que é outro dos tópicos populares, sobre os galegos indecisos, que lle dan voltas a todo, mesmo para expresarse. Neste caso, a ánima, a quen o galego O’ Fetén lle presupón o galeguismo, non responde directamente que lle van ben as cousas, aínda que a lítote quere dicir iso exactamente.

No mesmo artigo, Manuel Rivas refírese ás ánimas como “os do club da Santa Compañía, os do círculo social da Estadea, os emigrantes galegos en Extramundi” (p. 51). As perífrases continúan noutros artigos; por exemplo, nesta reacción do galego ante a ineptitude das administracións: “O galego marchaba sen o papel mais cunha area moi grande dentro da zoca” (p. 76), é dicir, con incomodidade e preocupación. O uso destas expresións populares é recollido acertadamente polo escritor, consciente de que a fala, nun texto escrito, é unha característica moi identificadora dun pobo. O eufemismo “o frasco das miñas augas” (p. 67) é outro circunloquio que se refire ao bote da análise de urina, neste caso, para resaltar o absurdo da proba.

A prosopopea é unha das figuras máis características que emprega o galego *fetén* na súa vida cotiá, e que usa Manuel Rivas nos seus textos para describir os animais, compañeiros inseparables do galego no traballo e na vida. O escritor elabora un retrato humorístico da relación dos galegos cos animais, sempre concedendo un maior raciocinio aos derradeiros. Pódese observar no artigo sobre o can de palleiro, o mellor amigo do galego *fetén*, un animal que “Nos enterros, vai coa cabeza gacha e segue a comitiva con moito sentimento” (p. 125). A prosopopea do can chega ata un punto no que non se sabe se o animal é a referencia do galego ou se é galego o que define ao can:

Ten a memoria dun cabalo, a sabedoría do raposo, a serenidade da vaca, e a filosofía do seu mellor amigo, a do galego *fetén*. De todos aprende o can de palleiro, non por ambición senón por curiosidade e por afondar no sentido e sensentido da caíña vida. [...] O galego *fetén* está moi orgulloso do seu palleiro e o animal séntese moi orgulloso do bípede galego. (p. 123).

A situación repítese en “O tamaño do mundo” coa personificación do burro substituído dos coches, que ademais é quen de facer curas de humildade ás persoas: “[...] o burro mellora moito a quen o monta. Cura toda clase de soberbia e sitúa ao xinete na verdadeira medida do mundo” (p. 114-115). Sucede o mesmo en “O paso galego”, onde os cabalos son os donos dos xinetes, e onde Manuel Rivas introduce a prosopopea facendo uso do humor e do tópico do respecto excesivo do galego polos animais:

Cando un galego sobe a un cabalo non é para ir ao trote ou gañar tempo. O galego utiliza ese medio sen violencia nin presión e faino sempre previo acordo ou consenso co animal que é, en definitiva, quen marca o paso e o destino. Así vemos que non é o galego quen sobe a un cabalo senón que hai un cabalo que utiliza un galego para pasear e facer algo de pernas. (p. 129).

No seguinte exemplo aparece tamén a figura do quiasmo. A estrutura cruzada é un recurso habitual na retórica de Manuel Rivas, quen a usa de xeito hiperbólico para darlle a volta ás cousas, cun toque de ironía, e sobre todo, de humor: “Endexamais vin un galego con bicicleta subido na bicicleta. Non é a bicicleta a que leva a un galego, senón que é o galego o que leva a bicicleta prendida do guieiro.” (p. 129). Outro exemplo é a adaptación tecnolóxica nos entes públicos: “a Administración como un servizo ao cidadán e non o cidadán ao servizo da Administración” (p. 75). Este quiasmo é moi axeitado para denunciar a ineficacia do Servizo Público e para facer patente o absurdo da situación inversa, que é realmente o que se está a producir de seguir así.

Metáforas e metonimias comparten o protagonismo dos tropos empregados polo escritor nos ensaios. O lirismo de Manuel Rivas no texto ensaístico atopa aquí a principal *confirmatio*. Non é doado que os escritores fagan uso destes tropos na prensa escrita. No caso de Rivas, a presenza da metáfora e da metonimia é produto da súa afección poética e da súa inclinación pola mestura de xéneros. Baixo a mirada lírica do escritor, o mes de novembro é descrito como “o tempo no que a terra se encolle baixo o chal da xeadá” (p. 51); mentres que o galego que mira o lume na casa, está observando “a lendaria película do lume do ameneiro na lareira” (p. 52). Pódese recordar tamén a metáfora da vida, que é “un coche de liña que vai facendo paradas” (p. 129). Ou “a burocracia é a súa ‘gaiola

de ferro””, (p. 69) para referirse ás incomodidades do Servizo Público.

En relación estreita coa metáfora, a metonimia traballa para completar a función do *ornato*. Os “camiños de ferro” (p. 112), referíndose ao ferrocarril, son un exemplo de substitución de significado cando o contido substitúe ao continente. O artigo “A caída do sistema” é un bo exemplo do emprego da metonimia, que dá lugar ao equívoco:

—Mire, hoxe non podemos atendelo, porque estamos introducíndonos no Sistema.

Agora menos que nunca, o galego non protestaba. Realmente, aquela xente parecía moi atafegada e o de introducirse no Sistema non debía ser unha mexericada. Había un oficinista delgado que aínda tiña posibilidades, mais os outros, a gordiña e o tipo cabezón, como farían para meterse polos cables? (p. 75).

A intención de Manuel Rivas co emprego desta metonimia non é a de ridiculizar o galego *fetén* por non estar familiarizado con estas expresións, senón a de criticar a Administración e remarcar a parsimonia da sociedade galega ante a desorde e a ineficacia administrativa. A linguaxe e os xogos de palabras volven ser os responsables dunha incomunicación que, de todas formas, o galego non se preocupou de resolver. A ineficacia da Administración é paralela á incomunicación co cidadán. E o enredo segue:

—Nós xa estamos introducidos, pero é que agora temos que meter toda a xente dentro do Sistema.

—Toda a xente? —preguntaba o galego con preocupación—. A min tamén?

[...]

Unha cousa era estar nos Libros e outra moi distinta andar zanfoneando polos cables dun demo deses. (pp. 76-77).

Os poliptotos tamén son constantes na fala dos galegos, igual que as lítotes, e deles hai unha boa mostra nestes artigos. Así, as “noites noitaregas” ou os “defuntos, os defuntiños” (p. 51) combínanse coas respostas tipicamente galegas como: “Eu comer aínda comía” (p. 52), ou “comer, o que se di comer, cómese cando hai patacas” (p. 97), e “pedir pedín bertorella” (p. 99). Estas repeticións léxicas achégannos ao carácter repousado do galego, que parece repetir as palabras mentres pensa a resposta. Tamén aparece o símil nos artigos. O escritor fai comparacións de case todo, empregando os mesmos tópicos dentro da propia comparación. O resultado é un exemplo humorístico moi ilustrati-

vo: “Un xantar sen patacas é coma un baile sen orquestra ou unha misa sen cura” (p. 97). Neste derradeiro exemplo aparecen os tópicos da festa galega e da Igrexa, quizais dous dos temas galegos máis identificadores do galeguismo.

O paradoxo apoia a ironía como mostra do absurdo dalgunhas situacións, que non por absurdas deixarían de ser certas: “O mellor remedio para manter ben viva e lucida unha pingueira é tratar de tapala” (p. 42); ou “É moito máis humano un burro que un automóbil” (p. 112). Un paradoxo lírico é: “mentres os que mandan no mundo fan e desfán o lenzo absurdo da Historia, o galego *fetén* planta patacas”. O galego tamén é elevado ás cotas de personaxes importantes mediante a antonomasia; así, fábase dun “furibundo Marinetti” sobre o galego que “vai contra o mundo” (p. 128) ou do galego que nunca sobe á bicicleta, pero que cando o fai, pode xurdir un “Álvaro Pino” (p. 129).

Para rematar este apartado da *elocutio*, mencionamos superficialmente a presenza doutros tropos e figuras nos artigos, e que aparecen mesturados cos que xa se comentaron, como os epítetos, a comparación, as aliteracións, o asíndeto e o polisíndeto, as enumeracións e as hipérboles, que ás veces se atopan xunto á ironía, o símil e o paradoxo, formando un conxunto humorístico difícil de esquecer. Neste derradeiro exemplo xúntanse a ironía, a enumeración, o asíndeto e o paradoxo:

O galego é recoñecido ao completo, sen mutilacións de identidade, en instancias transcendentales e sumamente benéficas: Igrexa, Rexistro Civil, Caixa de Recrutadas, INEM, Instituto da Emigración, Delegación da Facenda, Pompas Fúnebres. O seu nome figura sen recortes, e para a posteridade, na Partida de Bautismo e no Certificado de Defunción. (p. 108).

4. CONCLUSIÓNS

O feito de buscar as palabras, de deixarse levar por elas e de xogar coa linguaxe é propiamente o campo de acción no que a retórica estableceu unhas pautas que Manuel Rivas personalizou

durante a súa longa e recoñecida etapa como articulista. A documentación obtida polo autor para realizar este estudo etnográfico dos galegos ten a súa orixe na galeguidade do escritor e no seu activismo político, ecolóxico, lingüístico e cidadán, entre outros. Manuel Rivas, galego e galeguista declarado, fai autocrítica a través dos tópicos que inclúe nos seus artigos e que son froito da observación e da experiencia.

O Manuel Rivas xornalista non se separa moito do escritor nin do poeta, porque todos eles se moven arredor do eixe común da retórica para construír o texto. Hai escritores que mudan de identidade segundo os xéneros que practican. Manuel Rivas non pertence a esta clase: gusta de mesturar ao estilo de Aub, quen presumía de practicar o subxénero da novela teatralizada.¹⁰

Nesta análise pódese constatar que o escritor coruñés é seguidor da disciplina retórica, e ao mesmo tempo, é transgresor, sen que isto vaia en detrimento da efectividade do discurso na audiencia. É dicir, soubo adaptar a retórica ás súas necesidades. A Galicia que Manuel Rivas comezou a describir coma un “Non lugar”, a xeito de lítote, se transforma no Lugar das patacas, dos burros, dos bares, das pingueiras, dos cans e das ánimas, verbalizados mediante unha festa da linguaxe, con ironía e autocrítica, e coa transcendencia que lles outorga o feito de formar parte do mundo do galego *fetén*. O *fetén*: esa exteriorización da personalidade sen prexuízos.

Para rematar esta reflexión, se cita un fragmento dunha das obras do escritor, onde a importancia das palabras se transmite polo arrinque dun corpo predisposto ao discurso, un *corpo aberto*. Polca, un dos personaxes de *Os libros arden mal*,¹¹ dille á súa filla O:

Unha boa lavandeira ten que ter o arrinque. Prontitude na réplica, se non cómente viva, filla. Mais con xeito. A palabra e a pedra solta non ten volta.

Tes que tornear as palabras. Amodiño. Na boca. [...] Pillas as palabras necesarias. Tes que tornealas e retornealas para poder ceibalas co canto que queiras. Para que vexan as palabras que non lles tes medo.

¹⁰ Aub, Max (1965, 2004), p. 11.

¹¹ Rivas, Manuel (2006), pp. 197, 202.

5. RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

- AUB, Max (1965, 2004): *Campo francés*. Madrid: Suma de letras.
- CARRILLO GUERRERO, Lázaro (2006): “La (lógica) construcción de la realidad”, *Ámbitos*, 15, pp. 129-156.
- GUILLÉN, Claudio (2005): *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada (ayer y hoy)*. Barcelona: Tusquets.
- LABORDA, Xavier (1993): *De retòrica. La comunicació persuasiva*. Barcelona: Barcanova.
- LAUSBERG, Heinrich (1966): *Manual de retórica literaria. Fundamentos de una ciencia de la literatura*, 3 vols. Madrid: Gredos.
- LÓPEZ EIRE, Antonio (2001): “Retórica y oralidad”, *Logo*, 1, año I, pp. 109-124.
- MADRENAS, Dolores y Olivia RODRÍGUEZ (2003): *Del Romanticismo a la Posmodernidad. Ensayo*. Madrid: Laberinto.
- MAYORAL, José Antonio (1994): *Figuras retóricas*. Madrid: Síntesis.
- PUJANTE, David (2003): *Manual de retórica*. Madrid: Castalia.
- RIVAS, Manuel (1995): *Costa da Morte blues*. Vigo: Xerais.
- (1996): *Qué me quieres, amor?* Vigo: Galaxia.
- (2004): *Unha espía no reino de Galicia*. Vigo: Xerais.
- (2006): *Os libros arden mal*. Vigo: Xerais.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2003): “A retórica periodística de Julio Camba”, en Fidel López (ed.) *Julio Camba. El escritor y su circunstancia*, A Coruña: Concello da Coruña, pp. 27-40.